



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Anuncio aprobación definitiva Ordenanza fiscal taxa utilización instalacións deportivas municipais

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL

Terminado o prazo de exposición pública sen presentación de reclamacións dos seguintes expedientes, aprobados en sesión plenaria de data 30 de marzo de 2012, e publicado anuncio de aprobación provisional no BOP do 12 de abril de 2012:

- Modificación ordenanza reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais.

De acordo co disposto no artigo 17 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais procédese á publicación íntegra do texto da modificación das devanditas ordenanza, ó considerarse aprobadas definitivamente:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

O artigo 5, apartado A) queda redactado como segue:

A) PISCINA MUNICIPAL

UTILIZACIÓN PISCINA	TARIFA
1. NENOS 0-3 ANOS	Exento
2. ENTRADA INDIVIDUAL XOVES DE 3-16 ANOS	1,50 €
3. ENTRADA INDIVIDUAL ADULTOS	2,00 €
4. CARNET ABONADO TEMPORADA XOVES 3-16 ANOS EMPADROADOS	17,00 €
5. CARNET ABONADO TEMPORADA ADULTOS EMPADROADOS	25,00 €
6. CARNET ABONADO TEMPORADA XOVES NON EMPADROADOS	24,00 €
7. CARNET ABONADO TEMPORADA ADULTOS NON EMPADROADOS	32,00 €

No caso de familias numerosas, o carnet de abonado de empadroados terá un desconto do 20%.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.

Contra a aprobación definitiva destas ordenanzas únicamente poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a publicación das ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia.

En Oroso a 21 de maio de 2012

O Alcalde

Manuel Mirás Franqueira